

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do Convenio colectivo autonómico para a actividade de axuda a domicilio de Galicia, relativo á aprobación das táboas salariais para o ano 2011.*

Visto o acordo polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2011, que subscribiu a comisión paritaria do convenio colectivo do sector de axuda a domicilio da Comunidade Autónoma de Galicia, na xuntanza do 23 de xaneiro de 2012, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

#### ACORDA:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante a Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG núm. 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2012.

Odilo Martiñá Rodríguez  
Director xeral de Relacións Laborais

#### ANEXO

#### **Acta da xuntanza da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de axuda a domicilio da Comunidade Autónoma de Galicia**

En Santiago de Compostela, ás 12.00 horas do 23 de xaneiro de 2012, na sede de Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as persoas que a continuación se sinalan:

- Representación empresarial:
  - José Félix Valderrey de la Huerga (AESSADG)
  - Mónica Valiño Suárez (AESSADG)
  - Miguel Á. Vilas Martínez (AESSADG)

- Representación sindical:
- Sonia Outón Casal (UGT)
  - Javier Martínez Fente (UGT)
  - María del Mar Castro Cristobo (CC.OO.)
  - José Manuel Crespo García (Asesor CC.OO.)
  - Pedro Pérez Caride (CIG).
  - Cristina Padín (CIG).

O motivo da xuntanza é dar cumprimento ao acordo de conciliación que se acadou en sede xudicial o 12 de xaneiro de 2012. Acórdase o seguinte:

1. Táboas salariais para o ano 2011.

Táboas salariais 2011							
Categorías profesionais	S. base 2011	Antigüidade	Festivo/domingos	Horas nocturnas (2011)	Complemento de dispoñibilidade	H. extraordinarias (2011)	Festivos especial significación (2011)
– Grupo A							
Responsable coordinación	1.929,82 €	18,03 €	18 €	3,85 €	20 €	26,62 €	64,32 €
Xefe/a administrativo	1.439,48 €	18,03 €	18 €	2,87 €	20 €	19,86 €	47,99 €
– Grupo B							
Coordinador/a	1.364,16 €	18,03 €	18 €	2,72 €	20 €	18,82 €	45,48 €
– Grupo C							
Oficial administrativo	1.244,21 €	18,03 €	18 €	2,48 €	20 €	17,17 €	41,48 €
Axudante coordinación	1.091,34 €	18,03 €	18 €	2,17 €	20 €	15,06 €	36,38 €
Auxiliar administrativo	941,56 €	18,03 €	18 €	1,88 €	20 €	12,99 €	31,38 €
Auxiliar axuda a domicilio	941,56 €	18,03 €	18 €	1,88 €	20 €	12,99 €	31,38 €

2. O pagamento dos atrasos farase do seguinte xeito: o 100% dos atrasos de 2011 en 30 de xuño de 2012, aboados a pro rata mensual desde a sinatura das táboas.

3. Facúltase o persoal do Consello Galego de Relacións Laborais para os trámites de rexistro, depósito e publicación destas táboas.

E non tendo máis asuntos que tratar, remata a xuntanza ás 13.00 horas, no lugar e data enriba sinalados, asíñase esta acta por duplicado exemplar en proba de conformidade.